



○ Instituto da Lingua Galega colabora na edición dos textos

A Fundación Barrié presenta catro novas obras da Biblioteca Filolóxica

EUROPA PRESS > VIGO / SANTIAGO

■ A Fundación Pedro Barrié da Maza e o Instituto da Lingua Galega (ILG) presentaron onte en Vigo catro novas obras da Biblioteca Filolóxica Galega, unha serie editorial que conta con case unha vintena de títulos e que a converte na "máis estable e relevante" da comunidade, dentro deste ámbito de estudo.

Os libros, presentados onte en Vigo polo director xeral da Fundación Barrié, Javier López; a directora do ILG, Rosario Pérez, e os catro autores; abranquen ámbitos como o uso das palabras, a onomástica ou a lírica trovadoresca, entre outras.

Unha das obras, "O Galego fundamental. Dicionario de frecuencias" é o primeiro dicionario de frecuencias de uso de palabras da lingua galega. Así, coa axuda de programas informáticos e de métodos estatísticos, a autora, María Xesús Bugarín López, analiza un amplo corpus textual e establece as porcentaxes de uso do léxico galego.

Por outra banda, tamén se presentou o libro de Juan José Moralejo Álvarez, "Callaica nomea".

Onomástica > Estudos de onomástica galega" que se ocupa da onomástica ao longo da historia, e mesmo da prehistoria. Deste modo, analízase este aspecto como testemuño da sociedade, as linguas e as culturas ao

O USO DAS PALABRAS

Abranguen ámbitos como a frecuencia de uso das palabras, a onomástica ou a lírica trovadoresca

longo do tempo. "Letras primeiras. OU foral do Burgo de Caldeas, os primordios da lírica trovadoresca e a emerxencia do galego escrito", é un intenso estudo da Galicia de principios do XIII, co nacemento da lírica trovadoresca e os primeiros documentos escritos en galego. O seu autor é Xosé Henrique Monteagudo.

Finalmente, "Poesía completa de Antolín Santos Mediante", de Xoán Babarro, é unha obra que reúne por primeira vez a extensa produción dispersa deste autor das terras do Eo-Navia.

A Biblioteca Filolóxica Galega, dirixida por Antón Santamarina e xurdida a finais dos anos 90 do pasado século a raíz dun convenio entre a Fundación Barrié e o Instituto da Lingua, ten o obxectivo de trasladar á sociedade obras relevantes de investigación filolóxica que contribúan ao avance do coñecemento sobre o galego.

Consello da Cultura > Cinuenta anos despois da publicación da conferencia "As dúas culturas", pronunciada por Charles Percy Snow na Universidade de

Cambridge, mantéñense as distancias entre as culturas humanista e científica. Así o onte expresou o profesor José Sánchez Ron, catedrático de Historia da Ciencia na Universidade Autónoma de Madrid e membro da Real Academia Española, durante o acto de presentación do libro que permite coñecer o contido desta conferencia en galego.

A presentación desta publicación que serviu para mostrar o novo deseño editorial do Consello da Cultura Galega, como explicou o Presidente, Ramón Villares.

Distancias > Na presentación de "As dúas culturas", o texto da conferencia na que, no ano 1959 Charles Percy Snow chamou a atención sobre a falta de comunicación entre as culturas humanística e científica, José M. Sánchez Ron referiuse á fenda que na actualidade segue a separar as dúas culturas na sociedade, na educación, nos medios de comunicación e, xa que logo, nas esferas do poder.

José Sánchez Ron pronunciou despois unha conferencia sobre "A interdisciplinabilidade á luz da Historia da Ciencia: Algúns exemplos tomados da Física, a Matemática, a Medicina e as Ciencias da Terra", dentro do seminario interdisciplinar "Os sentidos das culturas", dentro dunhas xornadas organizadas polo Consello da Cultura.